



CONCELLO DE CARIÑO
Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

ALEJANDRA PARDO VÁZQUEZ, Secretaria do Concello de Cariño (A Coruña)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada en data 18/12/2018, adoptou, entre outros, o seguinte

ACORDO:

6.- OUTROS

6.2.- AXUDAS SUFRAGAR ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E EDUCATIVAS DURANTE O ANO 2018.

Vistas as bases das actividades culturais, deportivas e educativas para o ano 2018 aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/10/2018, e publicadas no BOP nº 198, de 17/10/2018.

Vistas as solicitudes presentadas polos interesados, informadas pola traballadora social, segundo consta nos informes obrantes en cada expediente.

Vista a acta da comisión de valoración de data 17/12/2018, e de conformidade co disposto na cláusula 10.6 das bases reguladoras, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, e en votación ordinaria

ACORDA:

PRIMEIRO: Conceder aos seguintes solicitantes as axudas que se citan a continuación, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a realización de actividades culturais, deportivas e educativas para o ano 2018, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 11/10/2018, e publicadas no BOP nº 198, de 17/10/2018:

-Andrea Fontela Martínez: 400 euros (actividade música)

-Lucas Armada López: 235 euros (actividade fútbol).

-Noel Piñón Galdo: 160 euros (actividade fútbol).

-Iker Balado Soto: 244 euros (actividade fútbol).

-Asier, Aimar e Karen Blado Luaces: 401,50 euros (actividades fútbol e piscina).

-Inoa e Ian Armada Varela : 391 euros (actividades de fútbol e zumba).

-Manuel Fernández Martínez: 137,60 euros (actividades de natación, patinaxe, cociña, manualidades e xogos).

-Natalia Colorado Pérez: 947 euros (actividades de gaita e linguaxe musical, percusión, baile, cantareiras e clases de apoio).

-Hugo Abella Pardo: 802 euros (actividades de piano, linguaxe musical e logopedia).



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

SEGUNDO: Denegar aos seguintes solicitantes as axudas correspondentes por non presentar a documentación requirida na cláusula 6.1 da convocatoria de subvencións para a realización de actividades culturais, deportivas e educativas para o ano 2018:

-Martín e Rubén Fragueta Díaz.

TERCEIRO: Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do Concello.

E para que conste os efectos oportunos expido a presente por orde e co visto e praxe do Alcalde, coa salvidade que establece o artigo 206 do ROF, en Cariño, a dezanove de decembro de dous mil dezaoto, de todo o que eu, Secretaria, Certifico.

Vº e Pce
O alcalde-presidente

Asdo. José M. Alonso Pumar

